

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 1
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen títex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



1




Proba A1

Vostede decide preparar unha cea de celebración para a súa familia e escoita un programa de radio no que entrevistan un famoso cociñeiro. Despois de escoitalo, pensa que é mellor pedirlle axuda a outro membro da súa familia e escíbelle unha mensaxe. Nesa **mensaxe electrónica**, de **150 palabras**, vostede debe:

- Saudalo e contarlle os seus plans.
- Presentar un menú de tres pratos para a festa, que escollerá entre as suxestións do programa.
- Pedirle que merque os ingredientes que lle faltan para a festa.
- Despedirse, propoñéndolle un día para a celebración.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section of the exam.

Proba A2

Vostede procurou na rede información dun ximnasio ao que quere ir. Logo de ler as diferentes propostas de actividades, decide enviarlle unha **mensaxe electrónica** á persoa responsable para que lle fagan un plan personalizado. No texto, de **150 palabras**, vostede debe:

- Explicar cales son os seus hábitos de vida (tipo de deporte que fai ou fixo, alimentación, horario de que dispón para ir ao ximnasio e número de veces que quere facer deporte á semana).
- Escoller dúas das propostas que lle ofrecen e explicar por que cre que son as mellores para vostede.
- Comentar que é o que menos e o que máis lle gusta de facer deporte.
- Solicitar prezo sobre a actividade que lle interesa e despedirse.

XIMNASIO XIMPATÍ

Cansaches de ir ao ximnasio e deixalo ao pouco tempo? Agora temos razóns para dicir que iso xa acabou. No noso ximnasio propoñémosche novas máquinas para facer exercicio e ideas para non abandonar. Queres saber como? Temos ofertas adaptadas ao teu carácter, ás túas necesidades e aos teus horarios, só tes que dicirnos como é a túa vida e facémosche un plan personalizado. As nosas propostas son:



TRICICLO 100: é ideal para queimar calorías mentres paseas pola rúa. Podes queimar ata 1000 calorías por hora. Que é? Un vehículo de tres rodas que che permite desprazarte pola rúa, poñerte en forma e divertirte.

ADESTRAMENTO MILITAR: é unha mestura de exercicios de tipo militar con outros moi divertidos, para todo tipo de público e queima moitas calorías.


BICI-WII: trátase dunha bicicleta con 400 niveis de dificultade. Vas vivir unha experiencia igual a cando vas en bici porque ten unha pantalla na que ves subidas, baixadas, camiños irregulares... Non a perdas! É a bici que adelgaza!

MARCHA NÓRDICA: é unha forma diferente de correr sobre distintas superficies con bastóns para exercitar os abdominais, os brazos e os pectorais. Ademais practícase en grupo, o que axuda a esquecer o estrés.

CORPO 10: esquece as aburridas salas de musculación! Combina as pesas co aeróbic.

COSTAS EN FORMA: son exercicios de pilates combinados con outros para fortalecer o abdominal e... barriga fóra! É perfecto se sofres algún problema de costas. Tamén hai a posibilidade de facelo na auga. As sesións duran unha hora.

Páxina web: www.ximpati.com
Enderezo electrónico: ximpat@gmail.com



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.